

# A didáctica do galego dende os medios de comunicación

Mercedes Queixas Zas  
Coordinadora Territorial ENDL (A Coruña)

## 1. O ESTADO (MEDIÁTICO) DA CUESTIÓN

Pertencemos a unha sociedade que está a mudar a un ritmo moi rápido e para o que non sempre nos sentimos, persoal e profesionalmente, ben preparados. O noso centro educativo tampouco é alleo a ese tempo “exterior”, non é unha burbulla aséptica e inmune que nos acubilla e protexe das agresións externas, senón un microcosmos coa súa particular rede de relacións sociais onde se (re)produce todo aquilo que a sociedade xera.

As normativas que regulan o funcionamento da comunidade tamén mudan para se adaptaren necesariamente ás novas demandas que os cidadáns e as cidadás precisan. Veláí como a normativa educativa tamén é esperable que mude para formar as novas xeracións, prevendo aquelas necesidades básicas que as fornezan do coñecemento formativo suficiente para se desenvolveren humana e profesionalmente nas próximas décadas.

Mais esas mudanzas deben estar xustificadas na práctica educativa xa experimentada e avaliada, ao tempo que, dende unha óptica xenerosa e con visión ambiciosa, deben reparar atentamente naquelas outras experiencias pedagóxicas alleas ao noso propio sistema educativo

oficial e convertidas hoxe en obxecto de atención, precisamente por conseguiren mellores resultados. A necesaria revisión e autoavaliación do que viñemos facendo nos últimos anos motiváranos para reconducirmos todo aquilo que constatamos como ineficaz para as nosas metas e trazarmos a folla de ruta dun novo rumbo académico polo que necesariamente debemos apostar dende a comunidade educativa, coa administración competente en materia de educación á fronte.

Chegamos así a este novo tempo educativo que, necesariamente, tamén debemos converter nun novo reto profesional, pois ficarmos inmóbiles ante un proceso esgotado non parece a mellor opción nesta altura en que todo corre ás présas e é preciso non perdermos tempo para non perdermos tampouco espazo propio.

Habitualmente, dende os medios de comunicación impresos e audiovisuais, somos quen de nos informar das mudanzas legais, pois o chamado “cuarto poder” convértese en auténtico megáfono das resolucións políticas e gobernamentais.

No que di respecto da lingua galega case nunca acontece así. Na actualidade, a escasa presenza do galego como lingua vehicular dos diferentes xornais galegos, ou estatais con edición galega, é o que é



noticia, malia subvencións importantes que dende hai tempo veñen recibindo como estímulo para a integración do noso idioma. Nunha estraña relación de causa-consecuencia, parece que a información que implique restauración ou revitalización do uso do galego nos diferentes ámbitos de comunicación social tampouco ten asegurada unha cota de información obxectiva e elaborada en clave profesional. As empresas da información parecen máis interesadas en colocar a lingua galega como verdugo e especie invasora que limita o avance da sociedade galega do que vítima, aínda hoxe ausente de moitos contextos comunicativos vitais para os seus falantes e infravalorada socialmente dende múltiples prexuízos aínda vixentes.

Un exemplo ben ilustrativo e recente témolo na divulgación que a prensa fixo do Decreto 124/2007. Cando xa se levan impresas bastantes páxinas mencionando este decreto, aínda faltan por ler reportaxes rigorosas que informen sobre os obxectivos que persegue a actual lexislación educativa de cara aos novos tempos, as razóns polas que a lexislación anterior (Decreto 247/1995) estaba esgotada, os principios pedagóxicos que avalan esta nova fase educativa en materia de competencia lingüística, a promoción dunha necesaria innovación metodolóxica que os/as docentes debemos apre(he)nder para conseguirmos as metas educativas dos nosos discentes, os cambios metodolóxicos que precisamos afrontar para mellorar o dominio lingüístico do alumnado ao rematar a súa escolaridade obrigatoria, etc.

Nada disto pareceu ser cuestionado, do que non se pode deducir que non fose do interese da sociedade nin moito menos. No entanto, si tivemos que ver como se dedicaba atención e espazo informativo a un sector cidadán que, dende perspectivas agresivas e involucionistas, amparándose na defensa dun pseudobilingüismo ancorado na defensa das liberdades individuais, e sen argumentar pedagóxica nin cientificamente o seu idearium, atacou unha normativa para o ensino galego

dende o mesmo momento da súa implantación, sen agardar prudentemente a valorar os seus resultados. Paralelamente, a argumentación en defensa deste decreto apenas ficou reducida, no mellor dos casos, a escasos artigos de opinión e ás cartas ao director. Convértese en noticia, e por tanto noticiable, unha única postura de afrenta irrespectuosa aos principios didácticos actuais implantados en diferentes países europeos, mentres que a liña defensora e argumentadora con datos empíricos deste novo modelo educativo non é tratada máis do que como simple opinión individual.

## 2. A NOVA LEXISLACIÓN EDUCATIVA

Na actualidade asistimos ao desenvolvemento da Lei orgánica da educación, que destaca, entre as oito competencias básicas que debemos traballar no ensino, a competencia lingüística, ao tempo que establece como obxectivo para a escolaridade obrigatoria a consecución do dominio plurilingüe por parte do noso alumnado, a partir da “capacitación para la comunicación en la lengua oficial y cooficial, si la hubiere, y en una o más lenguas extranjeras”.

O Decreto 124/2007 axústase ao ditado na LOE, canto á procura da necesaria competencia bilingüe en comunidades como a nosa, en que a lingua propia é oficial xunto co castelán. Mais tamén responde ao sinalado no Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, aprobado en 2004 coa unanimidade dos deputados no Parlamento galego e, por suposto, á Lei de normalización lingüística, que, xa en 1983, marcaba como obxectivo central para o ensino dotar de competencia bilingüe o noso alumnado e que, ben sabemos, logo de 25 anos da súa aprobación, segue a ser un obxectivo pendente de conseguir, moi especialmente nos ámbitos urbanos e periurbanos, onde o alumnado presenta serias deficiencias de dominio da lingua galega oral e escrita.

Os medios de comunicación esqueceron pór en maiúsculas o obxectivo vertebrador do modelo lingüístico-educativo que agora se promove, isto é, acadar competencia lingüística na lingua 1 (en diante L1)


e na lingua 2 (en diante L2), independentemente da lingua inicial do alumnado. Neste sentido, por ningures puidemos ler que estabamos ante un decreto que no substancial apenas variaba do anterior, isto é, continuamos cun modelo de conxunción de linguas<sup>1</sup>. Onde radica o avance, pois? Constatada a necesidade de reforzar a competencia lingüística bilingüe<sup>2</sup>, apóstase agora por un modelo de mantemento, onde as dúas linguas son vehiculares en equidade, sen ningún tipo de xerarquización entre elas e onde a lingua minorizada tamén é asociada a contidos de prestixio social como as matemáticas, co que se combaten actitudes negativas aínda persistentes na sociedade. De aplicarmos estes principios con coherencia, camiñaremos por primeira vez cara a un bilingüismo aditivo, que serve para sumar novas linguas á nosa L1, e non substrativo, que non só non favorece a aprendizaxe de novas linguas, senón que pode limitar o desenvolvemento da nosa L1; así pois, ambas as linguas serán valoradas positivamente e o desenvolvemento bilingüe impulsará o desenvolvemento cognitivo do noso alumnado.

Que novo reto agarda por nós con esta renovada planificación lingüística? Catro son os obxectivos xerais que debemos marcarnos no noso traballo docente:

1. Conseguir unha competencia plurilingüe real.
2. Conseguir unha maior e mellor capacidade comunicativa.
3. Favorecer a creación de espazos de uso da lingua propia dende a escola.
4. Alentar actitudes positivas para a aprendizaxe e uso social da lingua propia.

Simplificando, podemos dicir que a gran meta que a escola galega moderna ten que conseguir é a competencia bilingüe para o noso alumnado, como paso previo para o introducir no plurilingüismo. Só asegurándonos dende a escola unha competencia lingüística sólida, o noso alumnado poderá decidir libremente a súa lingua de comunicación.





### 3. UN MODELO DE ÉXITO CONTRASTADO

Existe unha longa tradición en educación plurilingüe en múltiples Estados: Canadá, Finlandia, Suecia<sup>3</sup>. Mais tamén dispomos hoxe de importantes estudos que certifican o éxito da competencia bilingüe nos programas lingüístico-educativos aplicados en Cataluña e Euskadi nos últimos anos. Estes dous sistemas foron duramente atacados no seu día polos medios de comunicación, mais estes non reservaron espazo para divulgar anos despois os interesantes resultados de avaliacións externas aos seus sistemas educativos<sup>4</sup>. Os dous programas de inmersión lingüística na lingua propia aseguraron a competencia plurilingüe, logo de superaren con éxito a fase inicial do bilingüismo aditivo que mencionamos con anterioridade.

A ningún se lle escapa que isto non é froito do etéreo azar, senón que a educación bilingüe aplicada nestes contextos educativos, e que agora tamén debemos contemplar para o noso, cos axustes necesarios que o propio Decreto 124/2007 permite, á vista das súas potencialidades e prestixio, responde a rigorosas investigacións presentadas sobre os vantaxosos efectos cognitivos do bilingüismo nos últimos 30 anos<sup>5</sup>.

Por unha banda, hoxe constatamos a importancia da **teoría da competencia**

**subxacente común** ao uso das distintas linguas que explica que, cando aprendemos unha lingua, desenvolvemos as habilidades necesarias para empregar a linguaxe de xeito global, de forma que os coñecementos dunha lingua se transfiren a outras linguas, o que redonda nunha maior e mellor capacidade de aprendizaxe de varias linguas<sup>6</sup>. Para aquí tamén temos que traer o valor da **hipótese da interdependencia lingüística**, segundo a cal a competencia en L1 inflúe na L2 e viceversa, ao tempo que tamén explica que, canto maior sexa o éxito na adquisición dunha segunda lingua –que en contornos castelanfalantes será a lingua galega–, máis doada resultará a aprendizaxe da/s seguinte/s.

Mais, como profesionais do ensino, convén preguntámonos: e como aseguramos a transferencia das aprendizaxes lingüísticas dun idioma a outro/s?

Son necesarias as seguintes condicións:

Adecuada **exposición** á lingua receptora a través de contextos de uso diversificados que permita ampliación de repertorios comunicativos e, consecuentemente, de competencia lingüística, pois sabido é que unha lingua non se aprende só na clase de lingua. O dominio dunha lingua garda directa proporción co contacto que o individuo teña asegurado con esa lingua, pois é o que asegura a boa competencia.

Adecuada **motivación** para aprendela, pois non podemos garantir aprendizaxe dunha lingua se esta é vista como un elemento agresivo, como unha ameaza para a lingua inicial. A adquisición dunha segunda lingua, sexa cal for, galego e/ou inglés, especialmente motivada dende a infancia, non debe entenderse nin transmitirse nunca como un problema, senón como unha riqueza que, asemade, facilitará a asimilación doutras linguas.

**Aprendizaxe integrada** das linguas do currículo dende un enfoque que fuxa do excesivo ou exclusivo gramaticalismo e que aproveite o rendemento da transferencia dos contidos interlingüas<sup>7</sup>. Así pois, o ensino das distintas linguas que acolle a escola deberá coordinarse co fin de garantir a transferencia de aprendizaxes dunhas para outras, así como o reforzo mutuo.

### 4. UN MODELO LINGÜÍSTICO-EDUCATIVO CON VISIÓN DE FUTURO

Se partimos da idea de que a escola, por unha banda, é clave nos procesos de produción e reprodución dos grupos lingüísticos e, pola outra, ten unha alta repercusión na intervención sociolingüística como transmisora de coñecementos e actitudes, concordaremos na importancia vital do profesorado nesta nova etapa que agora se abre e á que con espírito pedagóxico innovador nos debemos achegar.



Para andarmos o camiño, que á volta duns anos entre todos avaliaremos, deberemos pór en marcha unha planificación lingüística axeitada ao noso contorno educativo. Dende os mínimos que debuxa o Decreto 124/2007, temos que traballar intensa e consensuadamente no deseño dunha planificación lingüística que de verdade nos axude a conseguir o obxectivo legal para o noso alumnado. Todos os centros educativos comparten a mesma meta canto á consecución dunha boa competencia comunicativa bilingüe, mais o Decreto 124/2007, como documento flexible, permite que cada centro complete o seu itinerario de planificación para conseguila en función do punto de partida. E para iso é fundamental ter en conta a análise sociolingüística do contorno, é dicir, a visibilidade e a exposición que o noso alumnado ten para coa lingua galega.

Un novo horizonte ábrese para nós, como profesionais do ensino galego, co que podemos interactuar, dende o noso protagonismo directo como axentes educadores e como copartícipes dun presente que, de vez, poña en valor a lingua galega na súa sociedade e no seu espazo natural, dende a restauración do necesario prestixio como instrumento de comunicación necesario e eficaz ao servizo dos novos falantes.

## Que debe garantir a planificación lingüística?

**Que o alumnado que ten a lingua galega como lingua habitual poida mantela e consolide unha competencia plena nela.**

**Que o alumnado que ten o castelán como lingua habitual adquira unha boa competencia en galego, de maneira que se favorezan os contextos en que se exprese nela.**

**Que todo o alumnado adquira boa competencia tamén en castelán.**

### NOTAS

- 1 O alumnado non se separa por razón de lingua, tal e como se lexislou dende a propia Lei de normalización lingüística, pois a lingua é instrumento de cohesión social.
- 2 A avaliación da aplicación do Decreto 247/1995 demostrou que os únicos alumnos con competencia bilingüe oral e escrita eran aqueles que accedían á escola coa lingua galega como L1, como lingua inicial, mentres que os que accedían co castelán como lingua inicial non conseguían ser bilingües. Como consecuencia, pode dicirse que o modelo anterior non capacitou por igual todo o alumnado nas dúas linguas oficiais, que é o mesmo que afirmar que o alumnado efectivamente bilingüe foi unicamente o galegofalante natural.
- 3 Nos últimos tempos, o informe PISA achegounos Finlandia como o país con mellores parámetros de rendemento educativo entre os Estados da OCDE. Tamén desta volta os mass media obviaron informarnos de que este país de cinco millóns de habitantes, dominado polos suecos e polos rusos, ten tamén unha lingua propia, o finés, que non obtivo a cooficialidade xunto co sueco ata o ano 1920, e que por suposto está integrada no modelo educativo exitoso deste país, onde o alumnado remata a escolaridade obrigatoria dominando catro idiomas: finés, sueco, inglés e un cuarto idioma optativo.
- 4 Diferentes estudos conclúen con grande evidencia que o nivel de coñecemento e dominio de castelán é o mesmo entre o alumnado do conxunto do Estado español que entre o alumnado de Cataluña, escolarizado nun programa de inmersión lingüística en catalán. Este resultado reiterouse no caso de Euskadi, onde dos tres programas educativos en vigor nos últimos anos ofrecen mellores resultados en competencia bilingüe os alumnos e as alumnas participantes no programa D, que se corresponde cun modelo de inmersión lingüística en éuscaro.
- 5 Cómpre lembrarmos sempre que o Decreto 124/2007 é un documento de mínimos, nunca de máximos, o que quere dicir que legalmente debemos asegurar que no proxecto educativo do noso centro o galego e o castelán teñan a mesma presenza horaria (50% do horario escolar), ademais de seren impartidas en lingua galega algunhas disciplinas concretas. Ora ben, o contorno sociolingüístico característico do noso alumnado será o que nos axude a completar a planificación lingüística, mediante a cal se tentarán complementar os déficits de competencia en lingua galega que este presente.
- 6 As linguas son diferentes no plano máis superficial, na súa fonética, no seu vocabulario específico, nas súas particularidades morfosintácticas, etc. No entanto, para todas elas, e especialmente no caso de linguas románicas como son galego e castelán, existe un patrimonio de coñecemento común, isto é, cando un neno aprende, por exemplo, o concepto da lateralidade, esquerda e dereita, no momento da enunciación dese concepto procurará no cerebro a etiqueta particular de cada lingua: esquerda-dereita / izquierda-derecha / left-right... Quérese dicir que, unha vez desenvolta a habilidade que ten no seu cerebro e aprendido o concepto, este se transfire á palabra correspondente de cada código lingüístico.
- 7 Cómpre que o profesorado das diferentes linguas do currículo sexa un equipo docente capaz de compartir experiencias, metodoloxía e mesmo programación, así como de planificar de xeito compartido obxectivos, contidos e criterios de avaliación entre as diferentes linguas impartidas no mesmo nivel. Cítanse como coñecementos transferibles ás distintas linguas o desenvolvemento de procesos e estratexias relacionadas coa comprensión e produción de textos, a construción de conceptos lingüísticos xerais, o desenvolvemento de actitudes positivas e a eliminación de prexuízos lingüísticos, o coñecemento relacionado co discurso literario, etc.

